



Seminario
DRAMATURXIAS E NOVAS LINGUAXES ESCÉNICAS

Impartido por
Afonso Becerra de Becerreá

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia e a XXIX Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas colaboran na organización deste obradoiro.

Non hai teatro nin espectáculo sen unha dramaturxia que o estructure e lle dea sentido. Nos métodos e modelos de composición dramaturxica radica a efectividade dun espectáculo. É nese ámbito onde se toman as decisións fundamentais e onde sen marcan os retos que despois haberá que realizar na posta en escena.

O teatro emprega unhas linguaxes escénicas, cun léxico e unha sintaxe específicas, que están en constante evolución, como acontece con outras linguaxes no resto das artes. A dramaturxia, entendida como *enxeñaría teatral*, ocúpase desta evolución das linguaxes e dos estilos, investiga e propón retos aos escenarios.

Así pois, para facer teatro é importante coñecer os elementos e os procedementos básicos de análise, creación e composición dramaturxica, tamén algúns dos referentes históricos e contemporáneos que cambiaron e cambian a concepción das artes escénicas. E isto non é só necesario para quen se dedique a facer teatro, senón tamén unha oportunidade de afondar na percepción que temos da arte do teatro e afinar aínda máis o goce do noso padal, porque o gusto tamén se educa e é cultural (Non só somos o que comemos ou o que lemos, en teatro tamén somos o que vemos).



Temario

- A composición de accións no modelo dramático clásico e na dramaturxia posdramática.
- Análise dramaturxica de espectáculos.
- A evolución das linguaxes escénicas. A educación do gusto e os hábitos de recepción (L'école du spectateur).
- Tipoloxías de acción. Composición e análise da acción. Tipoloxías de personaxe / actriz, actor / performer / figura, silueta. Composición e análise do personaxe.

Exercicios

- Exposición e debate dos temas.
- Análise de documentos audiovisuais e gravacións de espectáculos.
- Composición e análise de casos prácticos.
-

O Docente

AFONSO BECERRA DE BECERREÁ.

Dramaturgo e Director de escena.

Licenciado en Arte Dramática na Escola Superior d'Art Dramàtic do Institut del Teatre de Barcelona, na especialidade de Dirección Escénica e Dramaturxia.

Titulado en Interpretación polo ITAE de Asturias.

Máster en Artes Escénicas pola Universitat Autònoma de Barcelona.

Premio Álvaro Cunqueiro 2001 de obras teatrais da Xunta de Galicia.

Exerce a docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Publicacións: *Dramátículas* (Laivento, 2010), *É un dicir* (Revista das Letras. Nº 833. 19/08/10. Galicia Hoxe), *Burning Bright* ("Infoxove" Nº 32, decembro 2008. Xunta de Galicia), *Unha rosa entre as pernas* (Casahamlet, 2007), *Crio-Xénese* (Laivento, 2007), *Dramaturxia. Teoría e práctica* (Galaxia, 2007), *Rexurdimento* (RGT, 2006), *Diálogo para cuatro sillas e Nó* ("Estreno" XXXIII, 2006), *O ritmo na dramaturxia* (Universidade da Coruña, 2005) e *Agnus Patris* (Xerais, 2002).



Traducións Publicadas: *O principio de Arquímedes* de Josep Maria Miró Coromina (RGT Nº 71, 2012), *O tempo* de Lluïsa Cunillé (RGT Nº 67, 2011), *Na meta* de Thomas Bernhard, en colaboración con Ana Contreras (Difusoras das Letras, Artes e Ideas, 2010), *A muller que perdía todos os avións* de Josep Maria Miró Coromina (RGT Nº 63, 2010), *Esquecer Barcelona* de Carles Batlle (RGT Nº 59, 2009), *Oasis* de Carles Batlle (RGT Nº 55, 2008), *O show de Kinsey* de Jesús Díez (RGT Nº 54, 2008), *Origami* de Carlos Be (RGT Nº 50, 2007).

Compañías: No 2009 fundou, xunto a Ana Contreras, a Cía. ÓNFALO TEATRO S.L. coa que estrearon "Neuras" de M^a Xosé Queizán (Auditorio de Cangas, 18/11/09), e "NA META (Sálvese quen poida)" (MIT Ribadavia, 17/07/10) de Thomas Bernhard.

Espectáculos: "Rosalía 21" (Producciones Bles S.L. Teatro Mella da Habana, 23/02/08), "Porno" de Dani Salgado (Teatre Lliure de Barcelona, 22/04/04), "Assaig Obert" de Dani Salgado (Teatre Lliure de Barcelona, 2003), "¿Tiene fantasmas este castillo?" de Jordi Ardid (Històrica Produccions S.L. de Barcelona. Castell de Montjuïc, 15/07/02), "Paraules i records de Mossen Cinto Verdaguer" (Històrica Produccions S.L. de Barcelona. Vil·la Joana, 09/06/02), "Macbeth" de Shakespeare (Teatre Malic de Barcelona, 06/06/02), "Cavallitus" de Antonio Morcillo (Teatre Nacional de Catalunya. 32 Festival Internacional de Teatre de Sitges, 09/06/01), "Rexurdimento. Visións dun cego" (Nove Dous Teatro S.L. Auditorio do Carballiño, 15/10/2000), "La barca nova" de Ignasi Iglesias (Teatre Nacional de Catalunya, 06/10/99), "La doma de la furia" de Shakespeare (ITAE de Asturias. Palacio Valdés de Avilés, 14/06/96), "El porque de las cosas" de Quim Monzó (ITAE de Asturias. Sala Quiquilimón de Xixón, 04/03/96).

Pertence ao Consello de Redacción da RGT (Revista Galega de Teatro). É membro da AICT (Asociación Internacional de Crítica Teatral), da ADE (Asociación de Directores de Escena) e da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega).

Do 2006 ao 2009 formou parte do Consello Asesor do CDG (Centro Dramático Galego).



Dirixe a Asociación Cultural A Pipa de Becerreá desde 1988, que organiza o Certame Literario da Alta Montaña Luguesa e as Noites Poéticas inauguradas por Uxío Novoneyra en 1996.

Datas e duración:

15 horas lectivas co seguinte calendario:

Do 3 ao 7 de Xullo: Tarde: 11.00-14.00 horas.

Día 7- Lectura dramatizada aberta ao público coa exposición dos traballos realizados no obradoiro.

Lugar:

Auditorio Municipal de Cangas

Avda de Lugo nº 25-27 36940 Cangas

Prazas: 15 prazas

Prezo: 50 Euros para socios de AAAG , A.C Xiria e alumnos da Escola Municipal de Teatro de Cangas. No caso de non socios o importe será de 75 Euros

Inscripción:

Do **8 ao 22 de Xuño**, enviando o formulario de inscrición anexo debidamente cuberto e adxuntando currículum vitae ao buzón de correo info@aaag.es ou a través da páxina web <http://aaag.es>

A organización comunicará a selección de candidatos o día **25 de Xuño**, tendo que facer a reserva de praza ingresando o importe do curso antes do día **27 de Xuño**. No caso de anulación da reserva por parte do alumno a organización non se compromete á devolución do importe da mesma se a praza non se cubre

Forma de pago: Transferencia bancaria no nº de CC de Novagalicia Banco:

2080 0348 35 3040009198 indicando no concepto nome do alumno e a referencia "Obradoiros MITCFC"